Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 24 FEBREIRO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

VIAXE INTERIOR

Paul Daniel Director

Sala Mozart
19.45 h
CONvers@ndo con
Paul Daniel Director
Joam Trillo Compositor

PROGRAMA

GUSTAV MAHLER (1860-1911)
Sinfonía núm. 7 en mi m (orq. J. Trillo)*

Langsam - Allegro
Música nocturna I
Scherzo: Sombrío
Música nocturna II
Rondo - Finale

*Orquestración encargo da RFG

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 20 minutos (sen pausa)
Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular
Paul Daniel

Principal directora convidada
Joana Carneiro

Director asociado
Maximino Zumalave

VIOLÍNS I
James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Victoria Jurov
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Ildikó Oltai
Daniela Lewisohn ***
Estefanía del Barrio***

VIOLÍNS II
Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Gyula Vadaszi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Irina Gruia
Elina Viksne
Natalia Hernantes ***
Carla Alonso ***
Julia Filón ***
Pau Fogàs ***

VIOLAS
Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Ayse Yavuz ***
Oxana Bakulina
Álvaro Godoy ***
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS
Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Ana Represas ***
Millán Abeledo
Carmen Diego ***
Carlos García
Alexandre Llano (R)

CONTRABAIXOS
Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Marcos Vázquez ***
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS
Laurent Blaiteau *
Cristina Pati ***
Luís Soto **

ÓBOES
Christina Dominik *
Rut Santiago ***
Esther Viúdez **

CLARINETES
Vicente López *
Xosé Antón Comesaña ***
Saúl Canosa (R)

FAGOTES
Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Marta Balsa ***

TROMPAS
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Sergio Sánchez ***

TROMPETAS
Javier Simó *
Víctor Vilariño (R)
Ramón Llátser **
Roberto Bolaño ***

TROMBÓNS
Carlos Figueira (R)
Iago Ríos (R)

TUBA
Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL
José Vicente Faus *

PERCUSIÓN
Juan Martín (R)
Gonzalo Zandundo (R)
Roberto Bao (R)
Sergio Sanchís ***

ARPA
Bleuenn Le Friec (R)

GUITARRA / MANDOLINA
Ramón Carnota (R)

* principal I ** coprincipal I *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) I (R) reforzo

Paul Daniel
Director

É director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013, ano no que tamén se converteu en director musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e de 1987 a 1990 foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.

Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Gloriana* para o Covent Garden, un novo encargo de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para A Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L' Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper

de Berlín, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Tokio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders para a Santa Fe Opera. Coa súa propia orquestra en Burdeos realizou interpretacións moi aclamadas de *Tristan e Isolde*, *Elektra* e *Die Walküre*. Os seus compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera de Múnic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Tapiola Sinfonietta, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

Paul Daniel presidiu o xurado do 57º Concurso Internacional de Dirección de Orquestra de Besançon en setembro de 2021. As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Burdeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD. En febreiro de 1998, Paul Daniel recibiu un Premio Olivier polos seus destacados logros na ópera, e foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico na lista de honras do ano 2000.

Mahler (1860-1911)
Sinfonía nº 7

Crítica e público non entenderon a música de Mahler pois non se recoñecían nela e así o asumía, con pesadume, o propio autor en 1896: "Non chegarei a ver o triunfo da miña causa. Demasiado estraño e novo é o que escribo para os oíntes, que non encontran o modo de chegar ata min. O que fixen cando estudaba, cando me inspiraba noutros, son cousas que se perderon ou que nunca se interpretaron; o que fixen despois é xa tan mahleriano, tan claramente planeado ao meu xeito, que é imposible evitar a fractura. A xente non aceptou aínda a miña linguaxe. Non se fan idea do que digo e do que intento dicir e incluso lles parece insensato e incomprensible. Os músicos destinados a interpretar a miña música apenas entenden o que quero. As miñas obras son acontecementos anticipados".

É necesario lembrar que nas Sinfonías núms. 2, 3 e 4, que configuran a triloxía coñecida como as *Wunderhorn-Symphonien*, a voz humana está integrada no tecido orquestral; sen embargo, a partir da *Quinta* (1901-1902) Mahler renuncia á palabra e evita ademais, incluír programas que faciliten a comprensión das súas obras. No seguinte período, coinciden no tempo a composición das *Kindertotenlieder* (*Cancións aos nenos mortos*) e os *Rückert-Lieder*, inspirados en poemas de Friedrich Rückert coa segunda triloxía sinfónica "sen texto" –*Quinta*, *Sexta* e *Sétima Sinfonías*–, chea de dramatismo e efectos sonoros e na que mantén unha unidade baseada no realismo, manifestando a confrontación entre os homes.

A *Sinfonía núm. 7* é unha partitura complexa de impoñente arquitectura sonora; unha obra experimental, que marca un dos puntos de partida posibles para a música do século XX, encaixada entre os dous períodos básicos no percorrido creativo de Mahler. Mentres para algúns musicólogos, cínguese ás normas románticas e aos métodos tradicionais, outros analistas ven nesta sinfonía un novo salto cara ao avance modernista. En todo caso,

todos coinciden na exixencia da composición para orquestra e director e na fascinación que exerce unha creatividade tan tormentosa. Mahler comezou a súa escritura no verán de 1904 no seu retiro de Maiernigg onde compuxo primeiro os dous *Nachtmusik* (Nocturnos) nos que, segundo sinala Alma Mahler, o compositor tiña visións da poesía de Joseph von Eichendorff cando os compoñía. Non foi ata o ano seguinte que finalizou, nesa mesma residencia estival, os outros tres movementos.

Dos cinco movementos, Mahler concentra a tensión da sinfonía nos tres centrais e formula o movemento como base da obra. Segundo Theodor Adorno, este *Langsam. Nicht Schleppend – Allegro Risoluto, ma non troppo* inclúe unha das músicas máis coloristas compostas polo autor ata ese momento. Tras unha misteriosa introdución, aparece unha exposición construída sobre tres temas diferentes que facilitan certas experimentacións harmónicas ademais de aportar exquisito material para fixar o desenvolvemento, a reexposición e unha poderosa coda. O óleo de Rembrandt titulado *Ronda de noite* inspirou a Mahler para compoñer o primeiro dos *Nachtmusik* cuxa música ofrece un ambiente onírico incluso fantástico. Como fantasmagórico chega a parecer o *Scherzo* cuxas impoñentes disonancias convérteno nunha intensa danza dexenerada. Regresa a serenidade co segundo *Nachtmusik* do que o director Bruno Walter (1876-1962) fala así nunha das súas cartas ao compositor: “Adivíñase, incluso cando se escoitan as pasaxes melódicas máis belas e máis apracibles, como por exemplo no cuarto movemento da súa *Sétima sinfonía*, que alma tan terriblemente apaixonada se transfigurou aquí para reflectir unha calma tan doce. Non hai realmente nada máis grande que esta beleza queda que xorde dunha alma chea de paixón, e non hai nada máis fondamente conmovedor que esta paixón dunha alma que soubo chegar á paz interior”.

A gran cantidade de elementos incorporados e os bruscos

cambios de tema que conducen a unha especie de polifonía temática fan do exultante *rondo-finale, allegro ordinario* o máis controvertido e desconcertante dos movementos. Aínda que a súa forma rondó está previamente definida hai espazo para características citas como o vals de *A viúva alegre de* Lehar, un tema rápido acompañado por música turca á maneira de Mozart ou d'*Os mestres cantores de Nüremberg* de Wagner. Para algúns estudosos Mahler, no final, podería querer lanzar unha proclama de esperanza e confianza nunha vida mellor.

Esta sinfonía non foi estreada ata 1908 co propio autor dirixindo a Filharmónica Checa nun momento en que as correntes de vangarda empezaban a chegar a Viena e ameazaban a estabilidade de romanticismo. A desexada modernidade de Mahler era unha referencia para os compositores que procuraban evadirse do sistema tonal como Schoenberg, entusiasmado tras a presentación vienesa da sinfonía. A frialdade coa que foi recibida polo público levouna a ser pouco interpretada ata que, despois da Segunda Guerra Mundial, Otto Klemperer, Bruno Walter e máis tarde Bernard Haitink levaron esta e outras obras de Mahler a un nivel dacordo coa súa calidade. En 1967, Leonard Bernstein, escribiu: "A visión de Mahler era a dun mundo que se desfacía na corrupción, por baixo dunha superficie aparentemente normal; un mundo nauseabundo, hipócrita e próspero, seguro da inmortalidade da súa propia existencia e privado de toda seguridade na inmortalidade do espírito. A música é realmente cruel no que revela, como se fose unha cámara fotográfica que tivera captado á sociedade occidental no instante da súa incipiente ruína. Hoxe o seu tempo chegou. Despois de 70 anos de holocaustos mundiais, de magnificación dos nacionalismos e de intensiva resistencia á igualdade social, tras ter experimentado todo iso a través dos vapores de Auschwitz, das xunglas asoladas de Vietnam, do asasinato de Dallas, da carreira de armamentos... só despois de todo iso podemos escoitar a

música de Mahler e entender que el xa o soñara".

A Real Filharmonía de Galicia encarga para este concerto un arranxo ao compositor e director Joam Trillo quen escribe "A primeira reação ao sentir falar do arranjo de uma obra é sempre a de traição ao autor e à obra. Esquecemos sempre que o arranjo faz parte da história do arte. Não se tem dito que uma tradução é uma traição? Mas essas traições são absolutamente necessárias para que essa obra poda se lida por milhões de leitores que, de outro jeito, a não poderiam conhecer. E o autor feliz de que a sua obra seja traduzida. A imensa maioria dos filmes são versões de romances anteriores. E também não se pode negar que, por vezes, o filme supera o romance original. As representações das obras de autores teatrais sofrem continuamente adaptações segundo a compreensão particular do adaptador. A interpretação duma obra musical é tão diferente segundo o intérprete…

E também na música os arranjos formam parte da sua história. Mozart arranja o *Messias* de Händel. Mendelssohn arranja nada menos que a *Paixão de S. Mateu* de Bach. Quem pode negar hoje que os *Quadros de uma exposição* de Musorgski são mais conhecidos na versão orquestral de Ravel que na original para piano… E podemos citar tantos outros casos… E falando do autor do concerto de hoje: Gustav Mahler, quem ignora a sua prática habitual de arranjar, por vezes amplamente, as ópera que dirigia e também tantas obras para orquestra, até a *Sinfonia nº 9* de Beethoven.

A pergunta, pois deve ser feita sobre se um determinado arranjo está ou não justificado. No nosso caso reduzir o orgânico orquestral desta *7ª Sinfonia* está claramente justificado, porque assim o nosso público a pode escutar no nosso Auditório e os músicos da orquestra podem desfrutar tocando esta magnífica obra. O juízo sobre a qualidade do arranjo só aos músicos e ao público corresponde."

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

PRÓXIMOS CONCERTOS

Venres 25 febreiro, 20:30 h
INFINITA TENRURA
CICLO DE LIED
Christiane Karg, soprano
Gerold Huber, piano

G. Mahler

En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago

Mércores 2 marzo, 20:30 h
ALMA ROMÁNTICA
CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
Judith Jáuregui, piano
R. Schumann: Andantino de Clara Wieck
Arabeske en Do maior, op. 18
J. Brahms: Seis pezas para piano, op. 118
R. Schumann: Variacións en Fa sostido sobre un tema de Robert Schumann, op. 20
F. Chopin: Balada núm. 1 en sol menor, op. 23
Andante Spianato et Grande
Polonaise brillante, op. 22

19:15 h
Sala Mozart
Conversando con...
Luis Gago

Compostela Cultura

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 I T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS
T 981 552 290 I T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal
RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura
@rfgalicia
@CCultura

CONSORCIO DE SANTIAGO
GOBIERNO DE ESPAÑA
CONCELLO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21·22
AUDITORIO DE GALICIA
Deputación DA CORUÑA